

## ACTA NÚM. 3\_RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2025)

### Proceso selectivo: 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

Na Sala de Xuntas do Concello de Rianxo, ás 13:40 h do día 30/06/2025, reúnese o Tribunal Cualificador que avalía as probas selectivas para a contratación de 3 peóns/peoas forestais, adscritos á subvención APROL RURAL 2025 do Concello de Rianxo, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm 611/2025 do 27/05/2025 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm 717/2025 do 13/06/2025 coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, encargado de obras municipal (V)

Vocal: M<sup>a</sup> José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Eva María Tubío Ordóñez, técnica administrativa municipal (III)

Vocal: Enrique Manuel López González, coordinador de actividades municipal (II)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O motivo desta sesión é resolver a alegación presentada no Rexistro Xeral do Concello (RXE núm. 202500000002850) por José Antonio Rial Crego, con DNI núm. \*\*\*7077\*\*, ao respecto da súa puntuación no proceso e na que literalmente solicita:

“A revisión da miña puntuación no proceso de selección para 3 peóns forestais porque non se me valorou o curso de Prevención de Riscos Laborais que vale 1 punto e que foi presentado con toda a documentación o día 10/06/2025 (RXE núm. 2.361).”

O tribunal revisou a documentación do dito aspirante e comprobou que a documentación á que se refire, que é o Curso de Prevención de Riscos Laborais (60 h), consta no expediente e non está valorada conforme ás bases de selección.

O tribunal acordou valorar con 1 punto, segundo o establecido nas bases de selección, o curso indicado polo aspirante, Prevención de Riscos Laborais (60 h), co que a súa puntuación na fase de concurso pasou a ser a seguinte:

APELIDOS E NOME	Artigo 14.5 conv.	Carné B	PRL	Igualdade	Galego	SUBTOTAL
Rial Crego, José Antonio	0,25	1,00	1,00	0,00	0,00	2,25

Polo tanto, a puntuación total do aspirante é:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN		CONCURSO	TOTAL
	Proba escrita	Proba practica		
Rial Crego, José Antonio	4,00	3,75	2,25	10,00

Tendo en cota todo o anterior, a puntuación global do proceso, por orde descendente, é a seguinte:

NÚM.	PUNTUACIÓNS TOTAIS	OPOSICIÓN		CONCURSO	TOTAL
	APELIDOS E NOME	Proba escrita	Proba practica		
1	Gómez Villanustre, Manuel Miguel	4,00	5,50	2,25	11,75
2	Mosquera Cores, Julián	4,00	5,65	1,60	11,25
3	Rial Crego, José Antonio	4,00	3,75	2,25	10,00
4	Marie Chauvet, Chantal	3,60	4,40	1,85	9,85
5	Morán Llago, Manuel	4,00	4,00	1,75	9,75
6	Martínez Miguéns, Francisco	4,00	4,45	1,25	9,70
7	Rodríguez Docázar, Juan Cruz	4,00	4,30	1,35	9,65
8	Iglesias Torres, Susana	4,00	3,35	2,25	9,60
9	Martínez Martínez, M <sup>a</sup> Dolores	4,00	3,10	1,25	8,35
10	Alcalde Ordóñez, Elisa	3,50	3,35	1,25	8,10

A listaxe anterior inclúe, por orde descendente, as puntuacións totais acadadas polas persoas aspirantes, unha vez resoltas as alegacións presentadas.

O tribunal modifica a súa proposta inicial e propón ás persoas que ocupan os tres primeiros postos, pola orde na que aparecen, para a súa contratación como peóns/peoas forestais:

NÚM.	APELIDOS E NOME
1	Gómez Villanustre, Manuel Miguel
2	Mosquera Cores, Julián
3	Rial Crego, José Antonio

O tribunal propón ao resto das persoas como válidas para a realización das posibles substitucións, no caso de ser necesario, e pola orde na que aparecen na táboa final de resultados.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:05 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.